

► Unha "Basca" do corso en Beluso

Xerardo Dasairas



Bisquina

Entre os más temperáns fomentadores cataláns aparece Joseph Mariano Roura, natural de San Pol de Mar (Xirona), que se instala no Figueirón en Beluso no ano 1765. Sucedeuno nesta industria Josep Roura i Sala, abrindo tamén fábrica no barrio do Areal de Vigo e exportando 3.093 milleiros de sardña entre 1796 e 1800 o que o convertía nun dos máis importantes da época. Posteriormente sería Juan Roura quen se encargase da dirección destas empresas.

Josep Roura i Sala, igual que outros salazoeiros da sua época, acudiría ao corso para evitar que os seus barcos de transporte fosen asaltados polas naves de países inimigos ao tempo que obtinhan beneficios coas presas capturadas. Neste contexto, Manuel Rodal danos noticia del como posuidor do navío "Santa Victoria", que aquí se rebautizou como "Fortuna", dedicado ao transporte e que por tempadas tamén se aventuraba no corso.

Con motivo dunha destas expedicións, en xaneiro de 1801, establecese un contrato do armador (Roura) cos tripulantes para durante dous meses actuar con patente de corso. A tripulación estaba formada por un capitán (José de Sorachaga) un segundo (José Joaquín de Tellería), un contramestre e un escribente, encargado de levar conta das presas. A mariñería recrutábase por estes, todos sen salarios e suxeitos os seus gaños ás capturas que se repartirían mediante unhas partes e dereitos monetarios estipulados, unha vez devendados os gastos de municións e vituallas.

Non cabe dúbida que resulta interesante coñecer como se fletaban os barcos do corso mais non é este o obxecto do noso comentario senón o tipo de barco que era este "Fortuna" que visitaba con

certa asiduidade a salazoeira dos Roura en Beluso. Pola información que nos suministra a documentación dise que era unha embarcación tipo "basca" de dous paus e 80 toneladas de desprazamento.

Desde o século XVI e a finais do XVII (Cornide), xa aparecen mencionadas nos nosos portos as "bascas" e "bascotes" sen que puideramos definir ben a que tipo de embarcacións se estaban a referir. Apuntándonos novamente ao camiño especulativo e dado que o capitán e o segundo do "Fortuna" eran vascos, encamiñamos a nosa pescuda cara un tipo de barco moi popular no golfo de Biscaia nestas datas e con grande predicamento tamén na Bretaña francesa cuoxos navíos eran moi habituais en Galicia.

Estamos a nos referir ás denominadas *Bisquines* en francés, nome derivado sen dúbida de biscainas e que na actualidade, restauradas, aparecen adoito nos portos bretóns. Tamén en Beluso aparecen nomes de embarcacións como *rabonas* ou *mitres* sobre os que non temos referencias.

Hai que anotar tamén a preferencia que pola enseada de Beluso tiñan numerosos contrabandistas, a maioría italianos, que adoitaban transportar produtos ilícitos desde Xibraltar ás nosas costas onde eran coñecidos como *carramáns*.

A comezos de abril do 1822 acontecería un enfrentamento entre catro barcos contrabandistas italianos e o bergantín da armada española "Hermosa Rita" que acabaría encallado e a tripulación apresada en Cabo Udra cando tentaban refuxiarse en Al-dán. Finalmente os españois serían liberados e axudados polos paisanos, chegarían a Bueu.



Bisquina con todo o trapo despregado